

**ROTEIRO
LITERARIO
POLA
PROVINCIA
DA
CORUÑA
2023**



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

**Roteiro O Campo: Unha visita
ao Betanzos fóra de murallas.**


Xabier López

SUBVENCIONADA POR



**Deputación
DA CORUÑA**

COLABORA



**Concello de
Betanzos**

O Campo: unha visita ao Betanzos fóra de murallas.

Xabier López

O porqué.

Antes de que fagades esta pequena visita que propoño, penso que non sobran unhas liñas xustificativas do seu porqué e da súa pertinencia, ou, dándolle á volta o asunto, a razón pola que esta vosa pequena estadia en Betanzos non vos leva a seguir os pasos das máis das guías turísticas, esas que buscan desembeleñar os segredos desa cidade que no 2019 celebrou o seu “octocentésimo” aniversario ou, máis ben, os 800 anos do seu traslado ata o seu actual emprazamento. O Castro de Unctia, a cidade histórica, as igrexas que fan de Betanzos a “capital do gótico galego”... Por unha cousa ou outra sempre que se fala de Betanzos acaba visualizándose o Betanzos medieval, e esta faciana de Betanzos, acentuada ademais por eventos festivos como a Feira Franca de todos os veráns, acaba por esvaecer outras caras da cidade, para min, máis interesantes e literarias. Por iso, este “roteiro” que propoño arrinca aquí, fóra de murallas, nese Betanzos máis contemporáneo e menos esplendoroso -o Betanzos que aos poucos vai perder a súa condición de capital de provincia- un terreo fronteirizo que mesmo comeza ou remata aquí, na Praza do Campo, ese lugar que para moitos dos que non nacemos betanceiros foi a primeira toma de contacto con esta cidade.

Betanzos non era nin Fernán Pérez de Andrade nin as igrexas de Santa María ou San Francisco.

Betanzos era un cruzamento de camiños, unha praza onde se albiscaban numerosas descubertas (a intuición dun espazo ecléctico, unha certa superposición de tempos no espazo, un auténtico palimpsesto, se daquela coñeceramos a palabra) aínda que non tan promisorias coma eses quioscos onde se podía gastar a paga da semana.

Aquí é onde paraban e seguen parando os buses, mesmo eses Cal Pita (hoxe Alsacalpita) que seguen a facer a ruta deica Sada con parada en San Cidre, Bergondo.

E agora si:

O Campo: unha visita ao Betanzos fóra de murallas.

Se Betanzos non ten Praza Maior é porque ten a **Praza do Campo**. Coñecida con diversos nomes na historia recente, dende o Praza de Cassola ao actual Praza dos Irmáns García Naveira (pasando por un Praza de Arines que aínda se pode ver a pé de foto nas postais de coleccionista), a Praza do Campo, ou sinxelamente “O Campo”, tal e como saben todos os betanceiros, goza dese

especial carácter fronteirizo dos lugares de certo interesantes. A súa denominación provén, como é doado imaxinar, da utilidade á que foi destinado este espazo durante séculos: a praza do Campo chámase así porque foi, e segue sendo, o Campo da Feira, isto é, o lugar onde se desenvolve esa actividade comercial que, a pesar das premonicións de Emilia Pardo Bazán, segue tinxindo de cor as mañás betanceiras cada quince días¹:

Volvendo a la feria, imaginaos pueblo de tal interés arquitectónico y de tan pintoresca situación, inundado por una muchedumbre vestida como aquí visten, no sólo en día festivo, sino a diario, aldeanos y aldeanas; con un derroche de colorines vistosos y gayos, pañolones amarillos, anaranjados, rosa vivo con flores verdes, fajas moradas y rojas, trajes de percales claros y chillones, en las mozas; camisas y calzones blancos limpísimos en los mozos; figuraos los puestos de mercera, cintas y cordones, el inmenso armatoste del buhonero que expende calendarios americanos; la exposición de cacharros, ollas y cuncas, cuyo vidriado reluce al sol; la batería de potes, sartenes y trébedes; el relampaguear de los peroles de cobre; y en la gran plaza central, que adorna verde cortina de frondosas acacias, el ir y venir de la gente, hormigueando, regateando, empujándose, mientras las campanas de las iglesias llaman a misa, y difícil será que así y todo forméis idea de la alegría y vida de estas ferias, hoy decadentes, según afirman los que de antaño las conocieron.

¿Qué se vende en los primeros y mediados de mes en la veneranda metrópoli [sic] de Breogán el celta? Todo lo que necesita para su humilde y sencillo vivir el aldeano. La reja del arado con que rasga la tierra y la hoz con que siega el prado mullido; el cuenco grosero en que bebe leche purísima y el pote de hierro en que cuece su pobre caldo; la tela con que viste su cuerpo y el zueco con que calza su pie; la berza y la cebolla, el maíz, el trigo y el centeno, el sabroso pan blanco llamado regueifa, gala de las solemnidades, y la compacta brona, frugal sustento diario que desdeñamos los que, nacimos aquí; la yunta de gruesos y pacíficos bueyes y el caballejo diminuto de infatigable y sobria raza; en suma, cuanto ha menester el labriego y aun algo más, algún artículo de lujo, que en otros tiempos ni sabía que existiese, y que hoy adquiere y usa, como palanganas, tenedores de hierro, loza blanca, tiras bordadas para las enaguas de las rapaciñas y hasta juguetes alemanes, tiosos hulanos de plomo, embeleso e ilusión de los rapazuelos descalzos, de rubia testa.

¹“El mediado en Betanzos”, recollido por Cristina Patiño Eirín en “Un artículo costumbrista sobre Betanzos, de Emilia Pardo Bazán”. Anuario Brigantino 1992.



Esta buliciosa estampa, ou cando menos así nola recrea a señora condesa, recolle a feira do 16 de xullo de 1893, día do Carmo, e a dicir de Cristina Patiño Eirín, quen recolle o texto íntegro da mesma no Anuario Brigantino de 1992, reflexa o bo coñecemento que posuía a Pardo Bazán de Betanzos, onde tiña amizades e administradores. Aínda que se cadra algo máis...

Sabíao?

Máis preciso...

Dixéranllo algunha vez?

A relación da cidade coa escritora vai en realidade moito máis alá, polo que parece, do que se pensaba nun primeiro momento. Se alguén cría cubrir o expediente situándoa como unha convidada habitual das galerías das casas burguesas deste Campo noso nos populosos días de feira e nos non menos animados días de San Roque, ben axiña vai ter que reconsiderar a idea. Porque a relación da autora de “Los Pazos de Ulloa” coa cidade, segundo se soubo non hai moito, vén de tempos en que ela aínda non nacera e é tributaria dun lutuoso suceso digno de figurar nun deses cantares de cego que se adoitaban vender en feiras coma a betanceira.

“De tempos en que ela aínda non nacera”, porque debemos falar da mocidade da súa avoa.

“Tributaria duns sucesos dignos de figurar nun deses cantares de cego”, porque hai unha morte matada.

A descuberta tivo lugar non hai moito e os seus autores, o chamado grupo de investigación “La

Tribuna”, vinculado á Casa-Museo Pardo Bazán, non tardaron en divulgalo en prensa. Joaquina Mosquera Ribera, a avoa paterna da escritora, morreu degolada nunha casa da Porta da Vila, onde levaba vivindo uns meses. O asasino (o parricida, como se verá) foi o seu segundo marido, un individuo chamado Juan Rey Perfumo, dez anos máis novo ca ela, e, a arma do crime, unha navalla barbeira. O suceso tivo lugar o 4 de maio de 1848 e foi discretamente reducido ao silencio logo dalgunha nota na prensa de Madrid.

Sabería Emilia, nacida tres anos despois, que nunha desas casas que se poden ver dende os balcóns do Campo, onde a agasallan as súas amizades betanceiras....?



A **Porta da Vila**, como tal, desapareceu durante o ensanche de 1872, polo que é máis ca posible que os edificios invisibles dende o Campo durante séculos se ofrecesen á vista a partir dese momento. É xa que logo dende ese momento cando a vila e o Campo ofrecen por vez primeira unha solución de continuidade que nunca se coñecera, cando menos dende a construción desa muralla que, segundo o Cronista Oficial da Cidade, chegou a contar cunha anchura que oscila entre os 2.70 aos 3 metros e unha altura que vai, segundo as zonas, dos 8 aos 14 metros e dos 16 aos 18.

Regresemos, porén, aos tempos en que a muralla estaba en pé para recrearmos as rutinas dunha vila en lento declive dende os días mesmos en que se lle outorgou capitalidade provincial (como se sabe, nos tempos dos Reis Católicos). Aí está a moi “Noble y Leal Ciudad de Betanzos, de Voto en

Cortes, y la más antigua de el Vuestro Reyno de Galicia”, tal e como se presentou en ocasións ao reinante en España, un espazo de pouco máis de 60.000 metros cadrados, segundo as miñas apresuradas medicións no Google Maps, un lugar en que viven preto de 900 veciños (900 cabezas de familia, entre 3600 e 4500 individuos), onde hai que pagar portádego e as portas das súas cinco portas se pecharon todas as noites, sen excepción, ata mediados do século XIX. Por moito que panexíricos coma os de Cunqueiro vexan luces venecianas de “violeta y oro y como un color que fuese solamente luz”², o certo é que a pintura que nos pintan visitantes menos comprometidos nos poñen máis preto dun gris, degradado, e dunha salubridade ben comprometida. Así se expresa George Borrow no Tomo II de “The Bible in Spain”:

Chegamos a Betanzos moi entrada a tarde. A cidade está nunha ría, a certa distancia do mar e a unhas tres leguas da Coruña. Altas montañas rodéana por tres lados. Durante case todo o día o tempo estivo cuberto e ameazador; ao chegar a Betanzos, a densidade e pesadume da atmosfera eran insoportables. Por todas partes os malos cheiros asaltaban o noso órgano olfactivo. As rúas estaban moi sucias, as casas tamén, e singularmente a pousada. Entramos no cortello; estaba sementado de algas podrecidas e outros desperdicios, onde se revolcaban os porcos. Ao redor zoaban as moscas, ben gordas e noxentas. «Isto é unha peste!»—exclamei.

Como ben sabe o lector de certa bagaxe, o caso de Betanzos non era excepcional e ben pode lembrar, salvando as distancias todas, as vellas cidades amuralladas de Europa nos decenios previos aos ensanches. Casas amoreadas, vivendas que se constrúen contra a propia muralla, penicos que se baleiran polas ventás, augas residuais que corren polas rúas... Ignoramos cantos nenos naceron entre os reboutallos do peixe, coma o Jean-Baptiste Grenouille de “O Perfume”, de Patrick Süskind, pero o que si é certo é que as condicións de salubridade de París, ata o ensanche de Hausmann iniciado en 1852, non diferían demasiado das que denunciaban en Betanzos non só os visitantes, senón tamén moitos veciños e autoridades, nun proceso, como recolle José Fernández de Rota, que culmina, por exemplo, nestas Ordenanzas de fin de século³

Art. 102. Los dueños de casas que tengan letrinas sin desahogo, formarán dentro de cuatro meses á la publicación de estas ordenanzas, el correspondiente conducto al caño general de la calle.

Art. 103. No habiendo caño general en la calle y no pudiendo por otra parte darse desahogo a las letrinas, se limpiarán éstas con frecuencia, y la basura será estraída antes del amanecer en todo tiempo como se dispone en el artículo noventa y ocho de estas ordenanzas.

Art. 104. Los que no tengan letrinas en sus casas las construirán en el término de dos meses,

2 “Betanzos”, en Faro de Vigo de 16 de marzo de 1951.

3 Recollido en “Mundo rural y mundo urbano en una villa gallega: Betanzos”. J.A. Fernández de Rota.

interín tanto los depósitos se limpiarán todos los días arrojando á la ría la basura antes de la hora que señala el artículo anterior.

E ben. Aí estamos, no Campo. O Campo, digámolo así, foi o primeiro desafogo de Betanzos. No Campo comezou a instalarse todo o que non cabía ou non debía estar dentro de murallas. Aínda que non todo, claro: a xudería e o lazareto non podían estar tan preto das portas dunha urbe que se gababa de ser cidade real e non de señorío. A xudería -a Cruz Verde-, á beira do vello Camiño Real que levaba a Lugo; o lazareto, na Condomiña, no barrio da Madalena, onde se confinaba os leprosos, os doentes do mal de Lázaro, no Camiño Real cara á Coruña...

Un dos primeiros edificios en compartir espazo coas feiras -aínda que só fose un par de días ao mes- foi a **igreja e convento de San Domingos** construídos a carón dunha pequena ermida anterior “*sin coro ny sacristia ny capillas ni cosas de las que son neçesarias y se rrequieren al culto divino*” tal e como refería un cuestionario de 1580 auspiciado pola Real Audiencia de Galicia e, máis recentemente, o Cronista Oficial da Cidade⁴. A historia do complexo dominico -isto é, a igrexa e máis o mosteiro- arranca a finais do século XVI (os frades desa orde chegan a Betanzos en 1558) e finaliza, cando menos polo que toca ao cenobio, en 1835, a consecuencia da afamada desamortización de Mendizábal. Entre esas datas, podemos consignar “de todo un pouco, como en botica”: o levantamento dunha primeira torre-campanario en 1605; a construción da actual nos primeiros anos do século XVIII; un primeiro éxodo dos frades en 1820, inicio do chamado trienio liberal, a consecuencia do decreto de outubro dese ano que suprimía todos os mosteiros das ordes monacais; o regreso dos frades coa restauración que dá lugar á “década ominosa”; a marcha definitiva 15 anos despois, co decreto impulsado polo presidente do consello de Ministros, señor Juan Álvarez Mendizábal; os intentos municipais de derrubar o conxunto; a recuperación da igrexa para o culto en 1846...

O **mosteiro** -hoxe ocupado pola Biblioteca Municipal Castelao e o Museo das Mariñas- contou con destinos do máis variado⁵: cuartel da Garda Civil de cabalería, Sede do Liceo recreativo ata a súa muda en 1873 ao Edificio Arquivo, Instituto de Segunda Ensinanza, Academia de Música... Porén, o uso máis coñecido talvez sexa o que se fixo no corpo oeste do edificio, pois nel se inaugurou en 1882 o **teatro Alfonsetti** (máis tarde teatro-cine Alfonsetti), onde varias xeracións de mariñáns gozaron de tardes de cine deica finais dos anos 90 do pasado século, en aberta competencia co cine Capitol, situado a pouco máis de trinta ou corenta metros, un establecemento que chegou a ofrecer sesións os martes, xoves, sábados, domingos e días de feira.

4 <http://www.cronistadebetanzos.com/la-primitiva-iglesia-de-santo-domingo-de-betanzos/>

5 Vid. “Museo das Mariñas (de Betanzos)”, por Alfredo Erias.

Este cine ten o seu espazo en “Doutor Deus” (Sotelo Blanco Edicións, 1999), unha novela da miña autoría na que recreo unha vila chamada Cabaleiros, obvio remedo de Betanzos, á que chega un recoñecido escritor portugués chamado Afonso Deus.

-Preciso a túa axuda, Constancio.

-Axuda?

-E tan raro precisar axuda?

A tarde esmorece e na lentitude do domingo albíscase unha físgoa de luz no vento anubrado e quedo. Un can filósofo e unha vella que lle dá de comer ás pombas. A praza deserta. O can chámase Parménides e o seu reflexo nunha poza é unha fotografía dun can famélico, piollento, repugnado das tardes que pasan lentas. Ou que non pasan.

Afonso e Constancio adormecen nos soportais e a fala élles incómoda, como se as súas palabras estivesen a turbar as leis non escritas dos domingos, o costume dominical de monosílabos temerosos do luns, que chega pronto.


Son as catro ou as cinco. Unha hora morta, mírese por onde se mire. As rúas desertas suxiren a postal dunha cidade fantasma. Morte e silencio. A non ser que paremos a escoitar a herba que medra, na xuntura das pedras só vive o microcosmos do lixo, os desertos de po e cascallo varridos polo vento dos devanceiros.

-Axuda?

-Axuda, si, Constancio.

-E que tipo de axuda?

No panel da columna anúnciase unha función de cine. Un enreixado agredido, un cartón con pinturiñas e a conciencia da freguesía tranquila: oito e media *post meridiem*; a salvo a misa de oito, a salvo as vosas almas por media hora.



-Gústache o cine, Constancio?

-Pssss... Nin arre nin xo... Entretén, iso é todo.

-Que iso é todo? E onde vai o da sétima arte?

-Para gustos, señor Deus, xa lle digo...

-Pois a min si, querido Wagner. E é raro... Gustoume co tempo. Ti es novo, aínda. Pero eu son moi vello... Xa, si. As aparencias enganan, che, ese é outro conto... O que iamos... Gustoume co tempo...Se cadra é defecto meu: tardo de máis en achegarme as novidades. Exemplo parvo: odio as inauguracións de pintura. Que me vexan aí, ansioso porque me sorprendan, écheme unha cousa fisicamente insoportable. A clave está en non se sorprenden de nada. Que inauguran o venres? Quedo na casa e vexo chover, que pase o diluvio. Un día, e outro, e outro máis, xa me achegarei eu só cando a cousa estea tranquila. Pero que non me vexan, claro. Nas puntas dos pés e silencioso, coma un refacho de vento... Co cine pasoume o mesmo. Son dos tempos do mudo, meu, e a primeira película que vin foi un musical de Esther Williams, esa serea con cuncha que é aí onde lle reside o mérito. E non creas que demorei moito... non. A xente aínda estaba predisposta á sorpresa. "Aínda máis difícil..."; coma no circo, querido Wagner. Primeiro música, logo diálogos e máis tarde cores e dez mil formatos. Non escampaba, ho, non escampaba... Así que non esperei máis. Sorprendín a Marta dicíndolle á fin que si, que esta noite vou contigo, e soportei mal que ben o rebumbio da fila e o abraio colectivo... Que queres que che diga? Deume pena o teatro... Unha pena infinda, desas que se teñen polos irmáns pequenos indefensos, polos fillos parvos.

Iso, do mosteiro.

Da **igreja**, se cadra o máis recoñecible sexa a torre barroca e o seu campanario, testemuña histórica da “botadura” dese globo de papel que ascende todos os 16 de agosto ou case, o que non quita que ata certos notarios da historia do país, como Álvaro Cunqueiro, confundan esta torre con outra, esta última, como ben se sabe, situada dentro de murallas:

Cuando veía, en la noche de San Roque, ascender en el cielo betanceiro el gran globo ritual: lento, grave, sereno como un sol, y encenderse en la barquilla el azul, el verde, el rojo, de los fuegos artificiales -qué hermoso nombre, fuegos artificiales-, pasmaba yo de admiración. (...) Digo que ni Luis XVI entonces gozó como yo gocé viendo desprenderse del costado de la torre de San Francisco -un muelle vertical coronado de campanas- el globo que construyen los hijos de don Claudino Pita, al parecer, y según el de peritísimos ingenieros, en contradicción con las leyes de la aerostática. Pero el globo asciende, pleno de luz, rodeado por el brillante clamor de las claras bengalas: una gran rosa luminosa que, por breves horas, florece en la cintura oscura de la tierra.



O Campo, xa o dixemos, foi o **primeiro desafogo** de Betanzos. E un **cruzamento de camiños**, iso tamén (aínda que, ben pensado, todo campo da feira que se prece debe ser un cruzamento de camiños). No Campo -dende o Campo- tómase o Camiño Real cara á Coruña, e cara a Ferrol, e cara a Santiago e cara a Lugo, León e Castela pasando pola Maragatería, destino (ou punto de partida) importante cando se trata de falar de comercio e comercio ambulante.

E se o Campo é un cruzamento de camiños, non é difícil imaxinar nel ese apurado tránsito de ida e vinda de carruaxes, e carrileiras e esa dilixencia que manobra buscando as postas, quen sabe se aquela que fai a viaxe a Ortigueira e que tanto evoca unha dilixencia do salvaxe Oeste.



Por algo esa rúa baixo soportais que forma o “fondo” Leste da Praza leva o nome que leva, “Ferradores”. En 1878, nunha época en que o oficio albisca o seu declive, catro dos seis ferradores que existían en Betanzos segundo o censo, tiñan as súas dependencias nesta rúa. Ou sexa que xa nos podemos imaxinar a “banda sonora” orixinal do Campo nos días en que non había feira: rinchos, marteladas, o metálico resón dos cascós no empedrado...

En todo cruzamento habitúa haber tamén fondas, casas de hóspedes, lugares de descanso para o viaxeiro en tránsito. E **hospitais**, no dobre significado da palabra.

“Establecemento sanitario onde son ingresados os enfermos para que reciban os coidados necesarios”.

“Lugar onde se acollían por un tempo peregrinos ou persoas sen recursos”.

Malia que contase con médico e mesmo con practicante nos seus derradeiros anos, esta última foi principalmente a función do **Hospital de San Antonio de Padua**, edificado sobre unha pequena carballeira, a carón da **capela de San Roque**, “*para mayor aumento*”, segundo di a súa escritura fundacional, de 10 de abril de 1674, “*y alivio de dicha ciudad (de Betanzos), refugio y amparo y conveniencia de sus vecinos y los de su jurisdicción y de los peregrinos que pasaren por ella*”⁶.

6 Tomado de “Introducción a la historia del Hospital San Antonio de Padua de Betanzos”, de Manuel Ares Faraldo, en Anuario Brigantino 1984.

Porén, non é este Hospital, hoxe sede dos Xulgados do Partido Xudicial de Betanzos e outrora mesmo o lugar onde abriu as portas a Cociña Económica da vila, a construción máis senlleira deste cruzamento de camiños que é a Praza do Campo. Teño para min que non e, malia que todo sexa opinable, estou practicamente seguro de que, tanto por fábrica coma por simbolismo, o edificio que máis fala do Betanzos de fóra de murallas é o chamado Liceo ou **Edificio Arquivo**.

“Liceo” porque aí estivo durante boa parte do século XX o Liceo de Artesáns; “Arquivo” pola vocación coa que naceu, ser o Arquivo do Reino de Galicia, aínda que, como se sabe, nunca chegou a ter ese uso, posto que o arquivo foi -quedou- na Coruña. Manuel Martínez Santiso exprésao así na súa “Historia de la Ciudad de Betanzos” (1883):

Acaso este edificio sea el único fabricado expresamente en España para archivo; pero por una de tantas aberraciones y anomalías que en nuestra patria suceden, sirvió para todo menos para el objeto á que fué destinado, sirvió de cárcel, de cuartel, de almacenes, de caballerizas, de oficinas, de escuela de primeras letras, de lugar de recreo, de habitaciones particulares, de hospital provisional, de granero, de alhóndiga, de local de espectáculos, y hasta en él hubo instaladas tabernas; mas nunca llegó ni aun á intentarse la traslación del archivo á tal edificio.

Como ben se pode ver hoxe en día é un edificio de corte neoclásico, cunha fachada de 50 metros constituída por sete naves (unha por provincia) e un patín central. O proxecto é da autoría de Feliciano Míguez Pereira, un enxeñeiro militar destinado na vila que tamén se ocupou da construción dun dos chamados “Camino Transversales” da Coroa, neste caso o treito que vai deica Santiago, isto é, a primeira tiraxe do que viña sendo o Camiño Real a Portugal, cuxo percorrido abeira precisamente o noso Arquivo.



xa que logo ao cruzamento de camiños e con el ao paso de inopinados viaxeiros, como por exemplo John Adams, vicepresidente de George Washington pola volta (1779) e futuro presidente dos nacentes Estados Unidos de América. A fragata na que viaxaba a Francia sufriu unha vía de auga, viuse obrigado a desembarcar en Ferrol e logo de amañar o asunto dos salvocondutos na Coruña, o 26 de decembro dese ano chega a Betanzos na súa decisión de continuar a súa viaxe por terra. Así deixa consignado no seu diario:

Ás dúas e media, montamos os nosos carruaxes e mulas, e viaxamos catro leguas ata Betanzos, antiga capital do Reino de Galicia, e o lugar onde aínda se conservan os seus Arquivos. Vimos o Edificio, un longo Edificio cadrado de pedra sen teito, fronte á Igrexa. Hai neste Lugar dúas Igrexas e dous Conventos. A última etapa do camiño foi moi mala, montañosa e pedregosa ata tal punto que resultaba ben perigosa. O señor Lagoanere fíxonos a honra de facernos compañía neste lugar. Describir a casa, as camas e as persoas pareceríame cousa de romanticismo.

Polo que atino a saber, o señor Lagoanere é un axente comercial franco americano que acompañou os viaxeiros dende a Coruña. Porén, as mareas da ficción prefiren este enxeñeiro noso, Feliciano Míguez Pereira, como anfitrión dos “embaixadores” do nacente país. Cando menos, nun capítulo da miña novela “Contrabiografía” (Editorial Galaxia):

Xa que logo, aí están. O vicepresidente dos Estados Unidos de América, o seu secretario, acaso tamén os dous fillos do primeiro, decepcionados de vez polas opcións de entretemento que ofrece a vila onde toca pasar a noite, e xunta eles, intentando refrescar o seu francés, pois esta é a lingua franca para se comunicar cos súbditos británicos e aínda con quen xa non o son, este enxeñeiro militar que intenta convencerse a si mesmo da pertinencia de volver calzar a perruca e saír da casa cando xa se dispuña a dar por rematada a xornada.

Na taberna onde se atopan pode que se sirva xa o primeiro viño novo da tempada (sabido é que algunhas casas de Betanzos xa contaban con el no Nadal) e aínda que haxa que imaxinalo distinto, por falarmos do viño que se escanciaba en Europa denantes da filoxera, ben pode contar con esa punta agre e refrescante que, xunta co súa baixa gradación, fai que non estrañe vérllelo beber mesmo aos mociños máis novos, entre eles, pois é o caso, o mozo John e o seu irmán Charles.

Inopinadamente, o enxeñeiro Feliciano Míguez Pereira séntese cómodo cos visitantes e dá en comportarse dun modo máis elocuente e locuaz do que nel é costume. Describe con minuciosidade os planos iniciais do seu proxecto para o Edificio Arquivo, as correccións que se viu obrigado a facer e como non se convencesen aínda da importancia da obra, sacou a colación o seu orzamento final, nin máis nin menos ca novecentos mil reais e os tributos cos que tal obra

-e máis a da Estrada Transversal na que andaba enfrascado nese momento- acabou sufragándose: dous reais por cada fanega de trigo producida na provincia durante dez anos amais de un maravedí por azume de viño. Cando logra facer entender en que consisten tales medidas, e acaso para sumar á súa condición de home práctico a de suxeito querido -ou cando menos respectado- polo paisano, acerta a pintar os trazos máis grosos doutro enxeñeiro militar chegado á vila e que, malia contar coa protección do mesmísimo marqués da Ensenada, tivo que chamar aos pés compañeiros ao pouco tempo de chegar. “A arrogancia! A soberbia! A prepotencia de quen cre que sabe máis ca o aldeán que carrega os xuncos e os patexos para o esterco!”.

Carlos Lemaury e Burriel. Oíran falar del? En canto se escoita facer esa pregunta, e malia que sexa bastante máis probable ca ese nome se pronuncie antes ca o del nos salóns de Massachussets, o noso home entende necesario seguir coa *boutade* deica o final. Que esperar dun individuo nado na Champaña máis ca meros gases, inconsistencias, ideas que facían “bluf!” e desaparecían coma gurgullas! Desecar parte da ría!!! Virar terra agrícola as canaveiras inmemoriais das que se aproveitaban por quendas os veciños de ambas as dúas orelas dese río-feito-ría que algún desatinado visitante real chamou pantanos!!!

O tal Carlos Lemaury, que xa ocasionara bastante malestar na cidade cando defendera unha estrada Coruña-Lugo que non pasase por Betanzos, tivera a idea de tomar cartas no asunto e borrar do mapa toda esa extensión *que ocupa los grandes juncas que á lo largo de la ría cubre esta con sus aguas en las pleamares*, como chegaba a describir a zona oitenta anos despois o Diccionario-Geográfico Madoz, virándoa terra de cultivo, pero garantindo, *e iso é algo que se adoita esquecer*, unha canle central navegable cuxo caudal non dependese tanto das enchentes ou as mareas, se cadra a única salvación para ese porto que *debía* competir co da mesmísima Coruña e que a día de hoxe non ve máis barcos ca os van aos Caneiros ou, no outro sentido, ata ás praias do Pedrido, A Xureliña ou Miño para que os seus tripulantes dean un mergullo.

O resultado estaba á vista (e segue estando) e o enxeñeiro Míguez (e Pereira) esforzándose en chiscarlle un ollo ao máis pequeno do grupo e sentíndose terriblemente idiota co aceno, apresúrase a reproducir o *cambio de pareceres* (e puñadas en grao de tentativa) entre o francés e certo *munícipe* do que non quere dar máis datos...

E agora que aquí se fala de “municipes”, sempre que paso por diante do Edificio Arquivo me asalta a dúbida de se houbo algún deles que se opuxera, aínda que só en conciencia, á construción dese edificio de doce alturas autorizado durante o mandato de Marcial Olveira Rey (1968-1974) último alcalde do Concello de Betanzos con carné de Falange⁷. Porén, non parece que na rúa estivese moi mal visto -ou si, de aí o panexérico- pois no libro das Festas Patronais de 1969, xunto cun anuncio comercial dos seus construtores perdido entre felicitacións de talleres mecánicos, bares,

⁷ Dato recollido de “Un achegamento Á Falange Local: O libro de afiliados á Falange de Betanzos (1936-1967)”, Anuario Brigantino 2018.

restaurantes, axencias e carnicerías -sen esquecer o dun coñecido snack-bar discoteca- aparece toda unha saúda asinada por unha tal Angélica González y González, que logo de falar da cidade histórica, di o seguinte:

Pero hay otro Betanzos, el que se está levantando orgullosamente dando testimonio de que se puede estar cargado de historia, y seguir el ritmo de los nuevos tiempos; integrándose en ese quehacer de las grandes ciudades que no quieren quedarse rezagadas. Un nuevo Betanzos se está construyendo con prisas de juventud. Y el que hace unos años, no muchos, que no viene por aquí, se encuentra con la grata sorpresa de unos barrios modernos, cuidados, donde se asientan nuevas familias, o se desplazan otras que antes vivían en antiguas casas muy distintas de éstas de moderna construcción, que nada tienen que envidiar a las de cualquiera capital española. Hasta tenemos una torre Betanzos, con sus trece pisos desafiantes que ponen un aire de modernidad en la vieja Plaza del Campo. Alzándose hacia el cielo, en un trazo que significa trabajo y progreso, se alzan las siluetas de las chimeneas, antes extrañas en nuestra fisonomía ciudadana. Y todo este renovar de ambiente, es consecuencia de un más alto nivel de vida. Y esto es bueno. Porque hay que seguir la dinámica actual. Porque los pueblos que se encallan en el pasado, en sus grandezas, acaban por desaparecer como una cosa muerta. O quedan como pieza de museo, muy bella de contemplar, pero que no tiene vida ni alegría de ser compartida. Porque lo perfecto en toda civilización, es el dejar constancia de nuestro paso por la vida; de demostrar que la historia no se ha detenido en ningún momento; de que es maravilloso enorgullecerse de las pasadas grandezas y de las actuales. Afortunadamente ya no se podrá decir como en otros tiempos: Betanzos es precioso, pero está siempre igual. Y es que Betanzos aspira a tener un puesto, pequeñito, pero un puesto, en el concierto de esos pueblos que crecen y se hacen grandes sin apenas darse cuenta, y que hoy proliferan a lo largo y ancho de nuestra Patria.

O seu parecer -malia que poida abrir interesantes reflexións sobre a idea do progreso- non o comparte, sabémolo, o poeta chairego Manuel María:

Betanzos fermosísima, leda, xentil,
carne de soño e de pureza,
alfaia de precio na coroa
do antiquísimo reino de Galiza,
increíbel cidade, Orvieto noso,
gala, semente e flor do femenino:
¿que bárbaro foi o que chantou,
na metade de tí, o rañaceos
–tal un falo impúdico, xigante
e monstruoso– que che dá
un aspecto brutal de maroutallo?

Xa apuntei que o Edificio Arquivo nunca entrou en uso como tal. A Coruña venceu definitivamente a partida e penso que é aquí onde se pode ler o “principio da fin” da provincia betanceira, desaparecida definitivamente en 1833. A construción que ía albergar a documentación do Reino de Galicia quedou relegada para outros usos. Hoxe en día acubilla dependencias municipais e a Aula de Cultura Xulio Cuns pero durante moito tempo (polo que se sabe, dende 1861 a 1973) foi sede do Liceo Recreativo de Artesáns, nome este, Liceo, co que se lle coñece a día de hoxe tanto oficial coma popularmente. Na memoria da vila aínda figuran os bailes que se celebraban durante o Entroido, fose aberta ou encubertamente, isto nos tempos máis represivos da Ditadura. O Cabaleiros de “Doutor Deus”, esa “descoñecida” cidade dunha das miñas primeiras novelas, tamén contaba cun Liceo parecido ao betanceiro:

“O que dixer, meu, o Entroido”. Afonso miraba de non lle perder a pista a Constancio. De canto, encollendo o lombo, deformándoo instintivamente coas acometidas da xente e dos corpos sobreexcitados, seguía a cabeza do opositor que aparecía e desaparecía entre o balón humano. “No Liceo de Artesáns”. “Ti mandas”, dixéralle. Seica era ali onde se celebraba o entroido nos bos tempos. O entroido dos señoritos, claro. Mentres o pobo folgaba nas rúas, que na fin de contas esa é a propiedade inalienable dos pobres, a burguesía comarcal entregábase ao cosmopolitismo lúdico -cocktails, castrapo e disfraces de alugueiro- naquel edificio que daba ao Cantón pequeno. O cambio dos cambios non fora obstáculo para seguir co costume. Non había entroido, pero si unha Homenaxe Floral, máis ou menos coincidente no tempo, na que malia non se poder vestir de dama rococó, ben se pode tirar dos perifoles do armario.

Gañaron a escalinata principal, ateigada de nenos curiosos, es conseguiron respirar un anaco no hall. Mesturábanse os cheiros a perfume e suor, e había que ser doutro planeta para non se contaxiar da algarabía contida que enchía a atmosfera de lámpadas de cristal e extintores contra-incendios. Algarabía contida... Acaso, che, sexa ese o xeito distinguido de facer as cousas. Contención. Reprimir o que che ven a gorxa, estas a pasalo caralludo ou a afogar coa tristura... Nin unha risada terrible, nin un lamento catatónico. Contención. Hieratismo. Circunspección. Que che delaten os ollos, se queres, pero deixa para o vulgo o que é patrimonio del. Que brinquen, que berren, que rían. Nós, a xente con clase, temos que reducir a mobilidade á mínima expresión. Mover pouco as mans, as pernas, e andar con tento para que o piso non perda o brillo que nos volve a imaxe. Nin unha palabra máis alta ca outra. Naturalidade. Así estea a afogar o conserxe co óso dunha oliva. Non murmuramos. Só falamos baixo.

Efectivamente: a praza do Campo, desafo de Betanzos, amais de campo da feira e un cruzamento de camiños, tamén quixo ser un **espazo “burgués”**. Aínda máis: se nos dese por teorizar dende certos parámetros, se cadra estaríamos autorizados a dicir que o Campo foi obxecto dunha

disputa entre clases sociais, cando menos, no que toca ao seu destino. O lecer “burgués” vese constringido pola mesma singularidade da malla urbana da cidade medieval, angosta e insalubre, e busca un lugar onde reivindicarse. Está o problema das feiras, claro, pero feiras hai dúas ao mes (agás decembro, que ten unha, e novembro, que suma unha terceira), polo que, neste punto, non existen demasiados dificultades para chegar a unha concordia, sobre todo dende o momento en que a feira do gando -a máis molesta para o decoro- se despraza á chamada Feira Nova, hoxe Praza de Alfonso IX, onde aínda se pode ver unha fonte que fornecía o bebedoiro das bestas.

Así, o Campo acaba flanqueado por dous Cantóns, o Grande e o Pequeno, aínda que para o visitante ocasional sexa difícil distinguilos. Velaquí as impresións de Aubrey F.G. Bell (Spanish Galicia, 1922; Galicia vista por un inglés, Galaxia 2005) :

A vida do lugar céntrase no Cantón, onde unha banda tocas os seráns dos domingos e os grupos de rapazas demóranse, sempre rexoubando, a carón da fonte grande, coas sellas, a miúdo pintadas de vermello ou verde, colocadas ao seu redor. Ao lado dunha parede encalada, que pertence ao hospital de Santo Antón de Padua, alumeada con claridade por lámpadas eléctricas, a xente vai e vén, unha escena animada e peculiar nun día de festa ou nunha tarde de verán, despois de que o sol se deita nun ceo suave e claro dun verde luminoso. Hai unha pequena capela dedicada a san Roque nun lado desta praza e en fronte está a torre de pedra de San Domingos.

Apuntabamos moi de pasada, ao inicio, a intuición de que o Campo, espazo ecléctico, superposición de tempos no espazo, acaso fose unha sorte de palimpsesto, esa sorte de pergamiño sobre o que se volvía escribir, borrando, ou intentando borrar, a escritura interior. Agora debemos dicir que que estamos perante un intento falido, pois as escrituras precedentes aínda asoman neste espazo que, aínda no seu intento de ser espazo burgués, segue a ser un espazo eminentemente popular.

No Campo, certo, atópase o **Palco da Música** (1927, autoría de Rafael González Villar), aínda que o viaxeiro inglés só se pode referir ao seu antecedente máis inmediato, construído no ano 1894, e dende o que Lugrís Freire deu en 1907 o primeiro mitin en lingua galega do que haxa constancia⁸; no campo atópase tamén a **Fonte de Diana** (fundida en París en 1866 a imitación da Diana que existe nos xardíns de Versalles) e a imaxe é digna de que nos deteñamos un anaco nela, polo carácter heteroxéneo e mesmo heterodoxo que suscita: a banda no palco a amenizar o paseo dominical de quen pode facer isto (pasear) e, ao tempo, as clases populares a encher as sellas (porque estas mozas

⁸ Polo visto, o primeiro discurso na nosa lingua, aínda que non propiamente político, foi o que deu o poeta Galo Salinas na veciña Pontedeume o 8 de agosto de 1891.

son con toda seguridade augadeiras, as que levaban a auga ás casas burguesas antes da xeneralización da traída) nunha fonte como non hai outra na volta, unha fonte feita en París, unha fonte “versallesca”. E de inspiración francesa, como a casa de **Don Juan García Naveira** (1897), un dos coñecidos irmáns que hoxe dan nome oficial á praza, da que foi autor o arquitecto municipal da Coruña Juan de Ciórraga y Fernández de la Bastida.



Ao remate dos soportais onde este se ergue, hoxe case ocultos pola proliferación de toldos e terrazas de hostalaría, atópase aínda en pé o edificio onde tivo a súa sé a **Irmandade da Fala de Betanzos** (1917). Estamos a un paso dos Ánxeles, continuación do barrio labrego por excelencia, o da Fonte de Unta, como o da Ribeira -río abaixo- foi de mariñeiros.

Pero un e outro son Betanzos que hoxe non toca visitar.

Non hoxe.

Itinerario:

- 1-Porta da Vila.
- 2-Adro de San Domingos/ Teatro Alfonsetti.
- 3-Convento de San Domingos.
- 4-Hospital de San Antonio de Padua.
- 5-Edificio Arquivo.
- 6-Palco da Música-Fonte de Diana Cazadora.
- 7-Soportais do Campo: casa de Juan García Naveira e sede das Irmandades da Fala.

Fotografías:

- 1-Praza do Campo dende o adro de San Domingos nun día de feira (“Betanzos: feira nunha praza”). c.1910-1920, Arquivo do Reino de Galicia.
- 2-Praza do Campo 1900, Real Academia Galega.
- 3-Globo de San Roque de 1966, autor descoñecido.
- 4-Dilixencia Ferrol-Betanzos-Ortigueira, autor descoñecido c. 1890-1900.
- 5-Edificio Arquivo, foto Ferrer, 1900. Tomado de “Betanzos Fotográfico”, Alfredo Erias-Xosé María Veiga Ferreira.
- 6-Plaza de Arines (coa casa xa construída de Juan García Naveira), 1906-1922.